

**EXTRACTO ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE FEBREIRO DE
2018.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 9/2018 DE DATA 19 DE
FEBREIRO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de
Goberno Local núm. 9/2018 do día 19 de febreiro de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 919/2018. CONVENIO DE
COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CONCELLO DE LALÍN
E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS
ACADÉMICAS EXTERNAS.**

Acordouse aprobar o convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas, asumindo as obrigas e compromisos que no mesmo se recollen.

3.- EXPEDIENTE 5238/2017. DEVOLUCIÓN DE AVAIS INDIVIDUAIS REFERENTES AO CONTRATO DE SERVIZO PÚBLICO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Acordouse proceder á devolución de dous dos avais individuais constituídos como garantía para a execución do contrato de servizo público de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos.(aval nº 560-503-3301/4-341 e aval nº 1093260686) por importe de 22.199,36 euros e 22.199,35 €.

4.- EXPEDIENTE 5830/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN DO USO DE CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA DO CONCELLO DE LALÍN.

Deuse conta do escrito remitido a este Concello pola Delegación do Goberno en Galicia (nº rex. 1208 de 19/02/2018) no que se notifica a renovación da autorización do uso de nove cámaras fixas de videovixilancia ubicadas nas inmediacións da casa consistorial. Dita autorización concédese ata o día 26 de marzo de 2019.

5.- EXPEDIENTE 1021/2018. SOLICITANDO ZONA AUTORIZADA PARA APARCAMENTO DUNHAS 25-30 MOTOS APROXIMADAMENTE, PARA O PRÓXIMO DÍA 11 DE MARZO, NA PRAZA DA IGREXA.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Praza da Igrexa para aparcamento de 30 motos con motivo dunha xornada que ten organizada o dito clube o día 11 de marzo de 2018 ás 18:00 horas.

6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1015/2018. RELACIÓN DE FACTURAS XUNTA GOBERNO-RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL Nº 3/2018.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 21.220,64 €.

7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1012/2018. RELACIÓN DE FACTURAS A XUNTA DE GOBERNO-RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL Nº 2/2018-ENERXÍA ELÉCTRICA.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas de enerxía eléctrica e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 14.270,73 €.

8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1011/2018. RELACIÓN DE FACTURAS Á XUNTA DE GOBERNO.

Acordouse aprobar relación de facturas nº 00008 por importe de 272.907,75 €.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5767. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (MEDIO AMBIENTE)-PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL.

Acordouse aprobar a devolución da contía depositada en concepto n concepto de Taxa pola expedición de documento admistrativos e servizos urbanísticos, en concreto en concepto de certificacións expedidas dende o Concello polo Punto de información Catastral.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1048/2018. SOLICITANDO PERMISO PARA O PRÓXIMO DÍA 28 DE FEBREIRO PARA USO DAS INSTALACIÓNS DO SALON DE ACTOS DA UNED.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón de actos do edificio da antiga aula da UNED no Polígono Industrial Lalín 2000, para o día 28 de febreiro de 2018, entre as 9:00 horas e as 16:00 horas coa finalidade de poder celebrar unha xornada de traballo desta organización.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 19:50 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.